


## O Deseño



As formas do barco obtíñanse a partir dun modelo de medio casco. Para facelo, o carpinteiro empregaba un bloque de madeira feito a base de táboas de igual grosor unidos por espigos de madeira.

Logo tallaba o bloque dándolle a forma do medio barco, ó principio de xeito máis basto e logo refinando con lixa ata que a forma se adaptaba ó modelo.

Feito iso había que pasar á realidade: desarmaba os espigos, obtendo unha serie de táboas con seccións horizontais do casco.

Só lle quedaba busca-la proporción que existía entre o modelo e o

barco real. Coñecida esta relación comezaba a face-los patróns das cadernas ata acada-lo perfil da caderna en debuxo. Eses perfís pasábanos a un patrón, xa en madeira, co que quedaban fixos para novas construcións semellantes, ademais de facilita-lo aproveitamento da madeira.

Este xeito de construción por patróns favorecía a fixación dos modelos que tiñan máis éxito e a transmisión dos coñecementos no propio taller.

ENCONTRO 2002  
embarcacións tradicionais

**Venta novo  
e usado  
Reparación**

*Racing  
Motos*

**GALI  
MOTOR**

**Moledo 105 - Ardán - Marín Telf/FAX 986 70 22 50**